


Que o único que quede na praia sexa o teu nome escrito na area

Guía de boas prácticas para
protexer os nosos areais e
contribuír a manter a nosa Galicia
azul e verde



Sogamma

O problema:

impacto dos residuos nas praias

Os residuos xerados pola actividade humana provocan un grave impacto ambiental nas nosas praias. Esta acumulación de residuos **degrada os ecosistemas** costeiros, **ameaza a biodiversidade** mariña e pon en risco directo a saúde dos propios usuarios e bañistas.

É crucial lembrar que **o 80% do lixo mariño orixínase en terra firme, acumulándose tanto na superficie como nos fondos mariños**. Elementos cotiáns como plásticos, envases e cabichas non só ensucian a contorna visual, senón que o contaminan ao liberar substancias tóxicas ao degradarse.





Consecuencias



Microplásticos na cadea alimentaria: o sol fragmenta o plástico que logo consomen os peixes.

Perigo para a fauna: os animais mariños morren por inxesta de plástico ou asfixia.

Destrución de hábitats: as especies vexetais nativas vense desprazadas pola alteración do hábitat.

Risco para a saúde pública: cristais, xiringas e outros refugallos representan un risco directo para a seguridade e a saúde das persoas.

Pérdidas económicas: las playas contaminadas ahuyentan el turismo y dañan a la pesca local.

Boas prácticas

Non podemos controlar todos os incidentes na praia, pero evitar o abandono de residuos na area **é responsabilidade de cada un de nós.**



1º Fase. Antes de ir á praia: **PLANIFICA**



Prioriza produtos reutilizables: botellas de aceiro inoxidable, cubertos de madeira e fiabreras de vidro.



Sen envoltorios plásticos: retira as embalaxes plásticas innecesarias dos alimentos antes de saír da casa.



Leva bolsas de tea ou mochilas para transportar as túas pertenzas.



Que os teus produtos de coidado persoal non conteñan microplásticos.



Opta por cosmética biodegradable: elixe protectores soares minerais con óxido de zinc ou dióxido de titanio.



Cinceiro portátil: non fumes, pero se o fas, mete na túa mochila un bote pequeno con tapa para a cinza e cabichas.





2ª Fase. Na praia:

DESFRUTA SEN DANAR



Que non voen os residuos: suxeita as bolsas ao parasol ou cadeira para que non se despracen co vento.



Orgánicos á bolsa: garda as cascas de froita e restos de comida para a súa posterior xestión.



Duchas sen xabón: usa a auga das duchas públicas só para quitarte o sal e a area.



Respecta a biodiversidade: non captures cangrexos, medusas nin estrelas de mar, e evita pisar as dunas protexidas.



Non recollas recordos: deixa as cunchas, pedras e fragmentos de coral no seu lugar. Estes elementos proporcionan refuxio a especies coma os cangrexos ermitáns, estabilizan a costa contra a erosión e, ao degradarse, liberan nutrientes esenciais que manteñen o equilibrio químico do mar.



Lévaos todo: recolle absolutamente todo o que leves á praia.

3ª Fase. Cando te vaias:

QUE O TEU PASO POLA PRAIA SEXA INVISIBLE



Revisa a contorna: fai un rastreo visual para comprobar se esqueces algo.



Presta atención ao lixo invisible: tapóns pequenos, gomas elásticas ou palliñas que se tiveran enterrado.



Separa os residuos e deposítaos nos contedores de reciclaxe correspondentes: se non os tes preto ou están cheos, gárdaos ata que atopes outros dispoñibles.



Contribúe á limpeza: recolle alomenos tres elementos plásticos alleos que atopes de camiño á saída.




Mantén o teu equipamento: enxauga e limpa as túas pertenzas na casa para evitar trasladar especies invasoras microscópicas a outras zonas.



Lembra

CONTEDOR AZUL

PAPEL E CARTÓN



SI

Xornais e revistas, cadernos e libros, papel de embalar, caixas de cartón, ...


NON

Panos de mesa de cociña, papeis sucios ou con restos de graxa

LEMBRA: *Aínda que leven cartón, os briks deben ir ao contedor amarelo xa que conteñen plástico e aluminio.

CONTEDOR AMARELO

ENVASES



SI

Briks, latas de conserva, bolsas de plástico, botellas e envoltorios de plástico, tapóns de plástico e metal


NON

Chisqueiros, envases de medicamentos, bolígrafos e afialapis,...

LEMBRA: *Non todos os obxectos fabricados con plástico deben depositarse neste recipiente.

IGLÚ VERDE

ENVASES DE VIDRIO



SI


Botellas, frascos e tarros de vidro.

NON

Tapas, cortizas, vasos, copas, espellos e lámpadas.

CONTEDOR MARRÓN

MATERIA ORGÁNICA



SI

Restos de comida, cascas de ovo, pousos de café, follas secas...


NON

Aceite de cociña, cueiros, compresas, tampóns, ramas de podas e cabichas de tabaco.

CONTEDOR XENÉRICO

(VERDE OU GRIS)

FRACCIÓN RESTO



SI

Máscaras e compresas, panos de mesa de papel, toallíñas refugables, bastoncínos, cueiros, cabichas, ...

NON

Non debemos introducir nel materiais que poidan ser reciclados e que, polo tanto, debemos depositar noutros contedores ou puntos de recollida.



Xacobeo  2027

Elixen a pegada que queres deixar.



SOGAMA.GAL